

Campana

“Sen dereitos, sen traballo, sen cartos... pero con **DIGNIDADE**”

Chegou o medo e con el unha marea de recortes que están a facer as nosas vidas, se cabe, moito máis difíciles. Unhas vidas que non chegaron a coñecer o estado do benestar e para as que paro, pobreza, precariedade, exclusión... levan sendo compañeiras dende sempre. Malia o costume, estes momentos están marcados pola rapidez na perda de dereitos, unha velocidade que responde ás presións do capital por eliminar toda carga para os seus movementos.

E con isto, os datos socioeconómicos reflicten as terribles consecuencias que padecen directamente familias ou persoas dos nosos barrios, das nosas familias... Datos que falan da existencia de **24.000 fogares sen ingresos en Galiza e de 55.000 persoas baixo o limiar da pobreza en Vigo ou que hai 274.000 persoas paradas en Galiza, das cales máis de 33.000 en Vigo.**

A isto hai que engadir que os mecanismos, chamados de protección social, non funcionan e que non ofrecen solucións efectivas para cubrir as nosas necesidades básicas.

Detendo a nosa ollada na RISGA (Renda de Integración Social de Galiza), que sobre o papel ten a función de garantir o dobre dereito a uns ingresos mínimos en situacións de falta de recursos económicos e o dereito á incorporación social, vemos que cos datos de pobreza referidos só temos **5416 persoas que perciben de media menos de 400€ para pasar o mes.**

Pero os problemas son máis que a insuficiencia das contías e a pouca poboación á que chega, por citar algúns deles:

- **No que levamos de 2012**, é dicir, nos meses de xaneiro e febreiro **non se deron novas altas**. As mesas da Xunta acumulan expedientes que agardan pola chegada de cartos malia estar resoltos favorablemente.

- **Non se respectan os prazos de tramitación**. Segundo a lei hai tres meses para resolver dende a solicitude de RISGA. No concello de Vigo as RISGAs agardan máis de 8 meses e dende a Xunta recoñecen que no 2010 o tempo de tramitación e resolución das solicitudes foi de 132 días.

- **Endurecemento dos requisitos de acceso e maior celo na revisión dos expedientes**. Moitas non chegan a presentar a solicitude desanimadas pola excesiva burocratización e control do proceso, cando o único que buscan é resposta aos seus problemas económicos. E outras ven como nas últimas revisións perden a RISGA, alegando por exemplo incumprimento de proxectos de inserción que apenas cambian para mellor as vidas dos beneficiarios.

- **Orzamentos insuficientes**. Para o 2012, o orzamento é de 25,2 millóns de euros moito menos que os 38 millóns que van destinar en Asturias ou os 280 millóns euros de Euskadi.

Para rematar, queremos que os atrancos descritos, e vividos por moitas de nós, lonxe de desanimarnos, sirvan para reclamar colectivamente que queremos **VIDA** e que esta vai máis alá de ter un emprego. Sabemos que mentres esteamos atrapadas neste sistema capitalista, precisamos cartos para vivir.

Pero tamén precisamos a nosa dignidade, para facerlle fronte a esa minoría que nos rouba a riqueza natural que debe ser de todas, que nos priva da riqueza material e intelectual que creamos colectivamente. Por iso animamos a todas as persoas desempregadas, sen subsidios, necesitadas... a pedir a RISGA, porque temos dereito a cubrir minimamente as nosas necesidades básicas, porque debemos visibilizar o empobrecemento que nos provocan as súas políticas antisociais e o seu sistema de produción inhumano, que só se preocupa de explotar ao planeta e as persoas ata o límite, mentres abandona e exclúe ás que xa non lle son útiles na procura de beneficios.

Pero sempre tendo e conta que as nosas reclamacións van máis alá, tendo como primeira parada a Renda Básica das Iguais, unha ferramenta para o reparto da riqueza, ao servizo da construción dun mundo máis xusto para todas.

Vigo, marzo 2012



GRUPO
AXITACIÓN
SOCIAL

ODS - COIA

OFICINA DE DEREITOS SOCIAIS - COIA

